

COMUNICADO Nº 086/23**10 DE MAIO DE 2023****O RALLYE DE PONTEVEDRA SERÁ PUNTUABLE PARA A GARA N5**

A Gara N5, unha das Copas do Campionato Galego de Rallyes, estará finalmente no Rallye de Pontevedra en lugar de no Rallye de Ferrol debido a un problema loxístico do suministrador de neumáticos do certame, Pirelli, nas datas da proba ferrolana.

Desta forma, os participantes da categoría N5 terán a dobre puntuabilidade, A Top Ten Pirelli-Driver-Autia A e a Gara N5 na cita pontevedresa, que se celebrará os días 2 e 3 de xuño.

O Rallye de Ferrol, que este ano retorna ao Campionato Galego de Rallyes, terá como copas o Clio Trophy Galicia e o Criterium Recalvi – Beca24.